

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 18 DE OUTUBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en peiteado e cosmética capilar.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico de atención a persoas en situación de dependencia
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio en preimpresión dixital.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 8/2000, do 7 de xaneiro, de organización do sistema acreditador de formación continuada dos profesionais sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se ratifica o Acordo adoptado polo Consorcio Contra Incendios e Salvamento para a Comarca do Morrazo, en sesión do 13 de outubro de 2011, se dissolve o Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Morrazo e se aproba a integración deste no Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

- Acordo polo que se ratifica o Acordo adoptado polo Consorcio Contra Incendios e Salvamento para a Comarca do Salnés, en sesión do 22 de setembro de 2011, se dissolve o Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca do Salnés e se aproba a integración deste no Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre o Ministerio de Defensa-Exército do Aire e a Axencia Galega de Emerxencias para a coordinación das operacións de busca e salvamento aéreo coa Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), e a Fundación Laboral da Construción, para a creación en Santiago de Compostela do Centro Estatal de Formación en Rehabilitación da Fundación Laboral da Construción, por un importe total de oitocentos mil euros (800.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do concello de Carballo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé) e a Confederación Industrias Têxtils de Galicia (COINTEGA), para a promoción en Colombia do sector têxtil, por importe de trescentos setenta e oito mil euros (378.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproba definitivamente a Estratexia Galega da Acuicultura.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o plan de optimización da tesouraría.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre os acordos para o impulso e a mellora competitiva dos centros tecnolóxicos galegos Anfaco –Cecopesca e Aimen.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe do Programa de investimentos 2012 para mellora dos equipamentos culturais.
- Informe sobre as actuacións no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura 2009-2012.
- Informe sobre o desenvolvemento do Plan I2C no ámbito universitario.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Plan de apoio á vítima de violencia no ámbito sanitario.
- Informe sobre a adxudicación do contrato de subministro de gases medicinais.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre o balance da campaña de incendios nos últimos anos.

A XUNTA APROBA A CREACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, QUE ESTARÁ OPERATIVA EN XANEIRO DE 2013

- ***O Goberno galego garante que os contribuíntes poderán seguir acudindo ás 42 oficinas liquidadoras situadas nos rexistros da propiedade***
- ***Subscribiu un convenio cos rexistradores e os cidadáns continuarán presentando nestes rexistros as autoliquidacións dos impostos de transmisións e sucesións***
- ***O novo organismo permitirá aforrar 15 millóns de euros en catro anos sen eliminar servizos aos contribuíntes***
- ***A Axencia Tributaria optimizará a prevención e loita contra a fraude fiscal e potenciará a especialización do persoal e as novas tecnoloxías para aumentar a calidade e cantidade da asistencia aos contribuíntes***
- ***A Xunta priorizou a loita contra a fraude fiscal para non subir impostos e conseguiu detectar 225 millóns de euros en 2011***
- ***Ademais, esta lexislatura concedeu aprazamentos por 62 millóns de euros, un 50% máis que a anterior, para facilitar o pagamento a empresas e familias***

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe o decreto polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto co obxectivo de optimizar a prevención e a loita contra a fraude fiscal, aforrar custos e potenciar a especialización do persoal e a novas tecnoloxías para aumentar a calidade e cantidade da asistencia aos contribuíntes. Este acordo supón rematar a lexislatura cun novo compromiso cumprido.

O Goberno galego acaba de asinar un convenio cos rexistradores da propiedade para garantir que co futuro organismo tributario, que estará operativo en xaneiro de 2013, os contribuíntes poderán seguir acudindo ás 42 oficinas liquidadoras de distrito hipotecario (OLDH) situadas nos rexistros da propiedade.

Desta forma, co mantemento desta rede de oficinas os cidadáns continuarán coa posibilidade de presentar nas mesmas autoliquidacións do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns, o que evitará desprazamentos aos contribuíntes.

A posta en marcha da Axencia Tributaria de Galicia levará consigo unha reordenación das competencias para mellorar a eficiencia e a especialización, ademais de aforrar custos e seguir mantendo o nivel de servizo aos cidadáns. De feito, este proceso, que se desenvolverá de maneira progresiva, permitirá aforrar 15 millóns de euros en catro anos sen eliminar servizos aos contribuíntes.

Ademais, a intención da Administración autonómica é perfeccionar a información e asistencia ao contribuínte, de forma que se lle proporcione un medio exacto para o coñecemento previo da carga fiscal que a Administración exige, co fin de minimizar discrepancias sobre a comprobación posterior. Tamén se potenciará a especialización do

persoal e as novas tecnoloxías para aumentar a calidade e cantidade da asistencia aos contribuíntes, o que contribuirá a mellorar a eficacia na prevención e loita contra a fraude fiscal.

O Goberno galego considera máis axeitado que os procedementos de xestión tributaria, así como as actuacións de información e asistencia, en relación co imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre sucesións e doazóns sexan desenvolvidos polos funcionarios seleccionados e formados propiamente para ese labor, funcionarios pertencentes ás escalas de finanzas da Consellería de Facenda.

Cando estea operativa a Axencia Tributaria de Galicia aglutinará todas as funcións tributarias, a xestión, a inspección e a recadación. O cambio na filosofía de actuación prevé dúas liñas principais de actuación, a información e asistencia ao contribuínte, así como o control do cumprimento tributario.

Os bos resultados contra a fraude permitiron non subir impostos

Ademais, nun momento de extraordinaria caída de ingresos, a Xunta priorizou a loita contra a fraude fiscal para non ter que subir impostos e conseguiu detectar algo máis de 225 millóns de euros en 2011, unha cifra que significa un 28,5% máis que en 2009. Así, nun contexto en que os impostos xestionados polo Goberno galego sofren unha caída sen parangón, as actuacións de control permitiron incrementar os ingresos autonómicos.

Destes 225 millóns de euros, máis de 194 afloraron por melloras na xestión tributaria, case un 25% máis que en 2009; mentres que case 31 millóns de euros foron por melloras na inspección, un 62% superior á cifra acadada dous anos antes.

Nesta liña, as actuacións desenvolvidas pola Xunta en materia de inspección amosan un esforzo moi importante nesta lexislatura, pois desde o ano 2009 existe unha correlación entre o incremento de actuacións inspectoras e o crecemento da débeda descuberta, o que proba a eficacia da Administración tributaria galega.

Un exemplo é que a débeda media descuberta por acta aumentou de maneira moi considerable, máis do 100% entre finais da anterior lexislatura e desta, ao pasar de 15.900 euros a 35.900.

Aumentan os aprazamentos

Así mesmo, a Xunta de Galicia concedeu esta lexislatura aprazamentos por importe de 62 millóns de euros, un 50% máis que na anterior, para facilitar o pagamento a empresas e familias.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ADAPTA O CURRÍCULO DO CICLO DE FP EN ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES DA SOCIEDADE GALEGA NESTE EIDO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao plan de estudos desta titulación e aos currículos dos ciclos medios de preimpresión dixital e de peiteado e cosmética capilar***
- ***A realidade galega abre un amplo mercado de traballo aos titulados en asistencia a dependentes, polo que este paso supón apostar pola empregabilidade da FP***
- ***O departamento educativo da Xunta xa adecou un total de 62 ciclos ás necesidades dos sectores produtivos de Galicia***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria someteu hoxe ao visto e praxe do Consello da Xunta de Galicia o novo currículo do ciclo medio en atención a persoas en situación de dependencia, unha titulación que adaptou ás exixencias da Lei das cualificacións profesionais e coa que se dá resposta ás necesidades crecentes da sociedade galega neste eido. Na reunión semanal do Goberno galego aprobáronse, ademais, os currículos dos ciclos de grao medio de preimpresión dixital e de peiteado e cosmética capilar, co que xa son 62 os plans de estudo de formación profesional adaptados ás necesidades do tecido socioproductivo galego nesta lexislatura.

Cómpre salientar a oportunidade que supón o ciclo de atención a persoas en situación de dependencia para o acceso dos titulados nestas ensinanzas ao mundo laboral, dada a ampla oferta de traballo que Galicia ofrece, tanto en residencias de maiores como centros de día e atención domiciliaria.

De feito, quen obteña este título poderá exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica; en postos de traballo como o de coidador de persoas en situación de dependencia en institucións, centros de atención psiquiátrica ou domicilios. Nestes mesmos espazos poderán desenvolver responsabilidades de xerocultor, auxiliar ou asistente persoal. Ademais, os titulados poderán traballar como auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade, asistente de atención domiciliaria, traballador familiar, auxiliar de educación especial ou teleoperador de teleasistencia.

Preimpresión dixital

Respecto do ciclo de grao medio de preimpresión dixital, o plan de estudos capacitará os estudantes para ocupar postos de traballo de técnico en preimpresión, en tratamento de textos e imaxes, en publicacións electrónicas e multimedia, e en imposición e impresión dixital. Tamén poderán desenvolver ocupacións como as de operador de equipamentos de filmación de computador á prancha, á pantalla, e ao fotopolímero; de maquetador compaxinador dixital, de escanista especialista de cor e de preparador de ficheiros dixitais.

Tamén este ciclo abre un amplo abano de posibilidades de acceso ao mercado laboral. Non en balde cómpre sinalar que as empresas precisan un novo perfil de técnico, afeito a adaptarse ás novas tecnoloxías, unha vez que se dixitalizaron os procesos produtivos dentro da preimpresión no referente ao tratamento de textos, imaxes, compaxinación, imposición e obtención da forma impresora, e ampliaron o seu campo cara á publicación electrónica e a impresión dixital. Ademais, é de destacar o potencial de crecemento deste proceso, sobre todo no que atinxe ás publicacións electrónicas, así como do de impresión dixital, e dos sistemas e equipamentos de filmación do computador á prancha, á pantalla, e ao fotopolímero.

Peiteado e cosmética capilar

Pola súa parte, as ensinanzas do ciclo medio de peiteado e cosmética capilar permitirán formar a profesionais para dar resposta ao nicho de mercado crecente de usuario masculinos de peiteado, barbaría e coidados cosméticos. Ademais, o perfil profesional deste título marca unha evolución cara ás competencias relacionadas co desenvolvemento de procesos de peiteado que utilizan técnicas e produtos cada vez menos agresivos para o cabelo, o que exige coñecementos de hábitos saudables e de técnicas e cosméticos de última xeración que se imparten neste ciclo.

Os titulados neste ciclo poderán traballar como técnico en coloracións capilares, cambios de forma do cabelo, corte de cabelo, postizos, manicura e pedicura; peiteador ou barbeiro. Así mesmo, estarán capacitados para desenvolver labores de axente comercial de empresas do sector, recepcionista en empresas de peiteado, e demostrador de equipamentos, cosméticos e técnicas de peiteado.

SANIDADE PODERÁ DELEGAR NAS ORGANIZACIÓNS COLEXIAIS DOS PROFESIONAIS DA SAÚDE O EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS EN MATERIA DE ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN CONTINUADA DOS PROFESIONAIS SANITARIOS

O Consello da Xunta aprobou un decreto polo que se modifica o Decreto 8/2000, do 7 de xaneiro, referido á organización do sistema acreditador da formación continuada das profesionais sanitarios na nosa Comunidade Autónoma.

Na actualidade, os colexios profesionais de médicos están a desenvolver unha importante tarefa tanto no eido da formación deses profesionais como na actualización dos seus coñecementos. Esta tarefa, coa súa capacidade organizativa e representativa no colectivo dos traballadores da saúde, pode constituír un recurso axeitado para a dinamización do sistema acreditador, fomentando a participación dos profesionais no deseño e implementación da súa formación, a través das respectivas institucións corporativas.

A modificación do decreto posibilita que se poderán delegar nas organizacións colexiais dos profesionais da saúde e nos seus consellos o exercicio das competencias que corresponden aos órganos da Administración autonómica en materia de acreditación da formación continuada dos traballadores sanitarios. As delegacións que se realicen respectarán os requisitos, procedementos e criterios establecidos pola Comisión Nacional de Formación Continuada.

Cómpre sinalar que a Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias determina que a formación continuada é o proceso de ensino e aprendizaxe activa e permanente ao que teñen dereito e obriga os profesionais, destinado a actualizar e mellorar coñecementos e habilidades e actitudes ante a evolución científica e tecnolóxica e ás demandas e necesidades tanto sociais coma do propio sistema sanitario.

Tanto o Ministerio de Sanidade como os órganos competentes das CCAA poden acreditar actividades e programas de actuación en materia de formación continuada dos profesionais sanitarios, así como centros nos cales se impartan. Tamén existe a posibilidade de que os órganos competentes das CCAA deleguen as funcións de xestión e acreditación da formación continuada, incluíndo a expedición de certificacións individuais, noutras corporacións ou institucións de dereito público. En todo caso, os organismos de acreditación da formación continuada serán independentes das institucións encargadas da provisión de actividades de formación acreditadas por aqueles.

Cómpre destacar que a experiencia formativa dos colexios profesionais posibilitou a acreditación das ensinanzas específicas da formación continuada da profesión médica a

través do Sistema español da formación continuada, integrado no Sistema de acreditación da Unión Europea de médicos especialistas e noutros de ámbito internacional.

O destacado papel e experiencia acumulado polas anteditas organizacións, xunto coa súa capacidade organizativa e representativa no colectivo dos traballadores da saúde, constitúe un recurso axeitado para a dinamización do sistema acreditador, fomentando a participación dos profesionais no deseño e implementación da súa formación, a través das respectivas institucións corporativas. Para tal fin, Sanidade procede a modificar o Decreto 8/2000, do 7 de xaneiro, mediante o que se regula a organización do sistema acreditador da formación continuada dos profesionais sanitarios en Galicia.

A XUNTA RATIFICA A INTEGRACIÓN DOS CONSORCIOS DE BOMBEIROS DO SALNÉS E DO MORRAZO NO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

O Consello da Xunta desta mañá ratificou os acordos dos Consorcios comarcais contraincendios e de salvamento das comarcas do Salnés e do Morrazo, polos cales ambas entidades materializaban a súa disolución definitiva, e procedían a se integrar no Consorcio Provincial de Pontevedra.

Así, os concellos de Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía e Vilanova de Arousa, concellos consorciados ata o de agora ao abeiro do Consorcio do Salnés recibirán atención a través do Consorcio Provincial de Pontevedra no relativo aos servizos contra incendios e salvamento. O mesmo ocorrerá cos concellos agrupados anteriormente no Consorcio Comarcal do Morrazo: Bueu, Cangas e Moaña.

O Consorcio Provincial de Bombeiros de Pontevedra botou a andar o día 1 de xaneiro deste ano -logo da integración nel dos parques comarcais que existían anteriormente- como organización idónea para dar unha resposta eficaz ao servizo contra incendios e de salvamento en todo o territorio da provincia. Este único consorcio centraliza e coordina as actuacións dos distintos parques que forman parte del, permitindo o aforro de recursos que se utilicen na prestación do servizo que executan.

O Consorcio está financiado ao 50 por cento pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, o que permite que tres administracións distintas: Xunta, deputación e os concellos implicados, estean unidas por un só fin: ofrecer o mellor servizo aos cidadáns, xa que sumando esforzos é cando se acadan mellores resultados.

Unha das características máis salientables do novo Consorcio Provincial de Pontevedra é a súa maior especialización ao unir esforzos dos distintos parques que o integran. Deste xeito, o parque do Morrazo contribúe coa súa experiencia en rescate en acantilados; os do Salnés no emprego de cans de rescate e o do Porriño, no Consorcio do Baixo Miño; a súa especialidade en riscos químicos.

A competencia de prevención e extinción de incendios vén imposta por lei con carácter obrigatorio aos municipios de máis de 20.000 habitantes. Como en Galicia a meirande parte dos concellos non acada ese limiar de poboación, a Xunta, as deputacións provinciais e os concellos iniciaron en 1999 un plan de dotación de parques baseado en criterios de racionalidade técnica e económica, que dotou a Galicia dun operativo integrado de extinción de incendios pioneiro no Estado e que garante a prestación do servizo en toda a comunidade.

O plan implementouse mediante a colaboración entre a Xunta, as Deputacións provinciais e os concellos implicados a través dos consorcios contraincendios e de

Salvamento. A existencia deste tipo de servizos, de carácter profesional, permite aos cidadáns a protección das súas propiedades e das súas vidas a través dunha resposta permanente, eficaz e eficiente fronte ás continxencias que puidesen xurdir.

XUNTA E MINISTERIO DE DEFENSA ASINAN UN CONVENIO EN MATERIA DE EMERXENCIAS AÉREAS

- ***Optimízanse procedementos, tempos e recursos na busca, localización, rescate e asistencia a aeronaves accidentadas e en perigo dentro do territorio galego***
- ***As comunicacións entre o CAE 112 Galicia e o Servizo de Busca e Salvamento Aéreo do Exército do Aire realizaranse as 24 horas dos 7 días da semana***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e o Servizo de Busca e Salvamento Aéreo do Exército do Aire, dependente do Ministerio de Defensa sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en situacións de emerxencias e accidentes aéreos.

Mediante a sinatura deste acordo a Xunta e o Ministerio de Defensa acordan establecer os procedementos de comunicación bilateral, coordinación e cooperación entre o CAE 112 Galicia, e o Centro Coordinador de Salvamento Madrid do Servizo de Busca e Salvamento Aéreo do Exército do Aire, de maneira que ambas as dúas partes estean informadas en tempo real en relación con todas aquelas situacións de emerxencia, incidentes ou accidentes aéreos que requiran ou poidan chegar a requirir a busca, localización, rescate ou asistencia ás aeronaves accidentadas e en perigo e que poidan necesitar da participación dos medios do Exército do Aire, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Servizo de Busca e Salvamento Aéreo do Exército do Aire ten como misión a localización de aeronaves sinistradas dentro do espazo aéreo español e facer chegar o máis rapidamente posible ao seu persoal os auxilios que puideran necesitar, así como cooperar con outros organismos civís e militares cando se produza un accidente, catástrofe ou calamidade pública.

O Servizo de Busca e Salvamento poñerá en coñecemento do CAE 112 Galicia, coa máxima prioridade posible, todos aqueles incidentes, emerxencias ou accidentes aéreos acontecidos en territorio da comunidade galega que requiran ou poidan chegar a requirir a busca, localización, rescate ou asistencia ás aeronaves accidentadas ou en perigo, asumindo a dirección das operacións de busca e salvamento que proceda emprender, e solicitando ao CAE 112 Galicia a colaboración e apoio na resolución da emerxencia, coordinándose con este centro para todas as operacións de busca e salvamento que teñan lugar dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e informando das accións que se leven cabo en cada momento.

Así mesmo, o CAE 112 Galicia informará coa máxima prioridade posible o Servizo de Busca e Salvamento de toda a información dispoñible coa maior prontitude, como o tipo

de aeronave, cor e marcas da aeronave, lugar do accidente, coordenadas xeográficas do accidente, así como o número de persoas afectadas.

O CAE 112 Galicia e o Servizo de Busca e Salvamento terán comunicación permanente as 24 horas dos 7 días da semana, mediante os interlocutores designados para tal efecto por ámbalas partes.

Comisión de Coordinación

Crearase unha Comisión de Coordinación co fin de coordinar as actividades necesarias para a execución do Convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión, seguimento e control.

Esta Comisión estará composta por dous representantes nomeados polo coronel xefe do Servizo de Busca e Salvamento do Exército do Aire e por dous representantes nomeados pola Axencia Galega de Emerxencias.

SANTIAGO CONVERTERASE NUN REFERENTE ESTATAL EN MATERIA DE REHABILITACIÓN COA CREACIÓN DO CENTRO DE FORMACIÓN DE PONTE PEDRIÑA, NO QUE A XUNTA INVISTE 800.000 EUROS

- *As consellerías de Traballo e Benestar e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achegarán esta cantidade en distintas anualidades*
- *O edificio estará situado na fábrica de curtidos no barrio da Ponte Pedriña, un inmoble que foi adquirido pola Fundación Laboral da Construción*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) e a Fundación Laboral da Construción para a creación do Centro estatal de formación en rehabilitación en Santiago de Compostela.

A Xunta achegará un total de 800.000 euros para a construción deste inmoble que se localizará na fábrica de curtidos no barrio de Pontepedriña, e que a Fundación adquiriu.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo colabora nesta iniciativa xa que unha das súas funcións son o fomento da rehabilitación, recuperación e renovación de centros históricos, tecidos urbanos degradados e das áreas de rehabilitación.

As obras de rehabilitación realizaranse de forma que se conserve a tipoloxía da zona respecto da fábrica de curtidos e adaptar o conxunto aos novos usos como centro de formación en rehabilitación que se lle pretende dar. A rehabilitación conservará todos os materiais orixinais que resulten aproveitables, utilizando outros o máis similares posibles cando os existentes fosen insuficientes.

A creación deste centro confirmará o papel preponderante de Galicia no eido da rehabilitación de edificios e vivendas e potenciará os traballos que se desenvolven neste eido.

Antecedentes

A Fundación Laboral da Construción, xunto co Consorcio de Santiago de Compostela, vén impulsando desde o ano 2011 o obradoiro de lousado, que tamén conta coa apoio e colaboración da Consellería de Traballo, destinado a formar traballadores para levar a efecto labores de conservación e mantemento de pavimentos históricos.

A Fundación Laboral da Construción, en función do resultado desa experiencia e da idoneidade da práctica en materia de rehabilitación e mantemento de edificacións e espazos públicos patrimoniais desenvolvida en Santiago, adoptou o acordo de crear nesta cidade o seu centro de formación de referencia en materia de rehabilitación e para

iso a Fundación comprou un soar para acoller o proxecto, e dispón de medios para asegurar o equipamento e funcionamento do centro.

O CONCELLO DE CARBALLO DELEGA AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS NA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- ***A APLU será a encargada dos labores de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística ou axustarse ás súas condicións***
- ***Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello***
- ***Con esta adhesión son 64 os convenios de adhesión á APLU autorizados polo Consello da Xunta***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello coruñés de Carballo.

Este acordo permite que o municipio delegue na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións. As actuacións terían que estar situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos

emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o Concello debe prestar a cooperación e a asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos á APLU

Con esta nova adhesión son 64 os convenios de adhesión á APLU autorizados polo Consello da Xunta. Así, a APLU xestiona actualmente 4.696 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos municipios adheridos: 20 na Coruña, 10 en Lugo, 21 en Ourense e 12 en Pontevedra, o que supón máis de 335.000 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (quilómetros ²)
A CORUÑA		
A BAÑA	4528	98
A CAPELA	1439	58
ARES	5628	18,3
ARZÚA	6484	155,4
BOIMORTO	2348	82,4
CABANAS	3375	30
CARBALLO	31303	187
CARIÑO	4617	46,8
CEDEIRA	7511	85,4
DODRO	3024	36,1
FENE	13902	27,4
LOUSAME	3702	93,6
MIÑO	5628	33
MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
SADA	14870	27,49
TOQUES	1416	77,9



VAL DO DUBRA	4481	108,7
LUGO		
BECERREÁ	3276	172,1
BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O Saviñao	4570	196,6
PANTÓN	2938	146
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73
TRABADA	1436	82,7
O VALADOURO	2209	110,5
OURENSE		
AMOIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MACEDA	3153	102
MASIDE	3087	40
NOGUEIRA DE RAMUÍN	5950	100
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7
PUNXÍN	907	17,1
SAN AMARO	1335	28,9
TABOADELA	1690	25,2
VERÍN	14237	94,1
VILAMARÍN	2254	56,1
VILARDEVÓS	2382	152,1
PONTEVEDRA		
A GUARDA	10404	20,5



CALDAS DE REIS	10060	147,37
CUNTIS	5172	79,8
FORCAREI	4108	168,4
GONDOMAR	13973	74,8
MEAÑO	5475	27,8
MORAÑA	4349	41,3
NIGRÁN	17869	34,8
OIA	3192	83,3
PONTEAREAS	23561	126,2
PONTECESURES	3116	6,7
VILABOA	5935	36,9
CALDAS DE REIS	10036	68,2
PONTEAREAS	23316	125,6
TOTAL	335.174	4.696



A XUNTA DE GALICIA DESTINA 378.000 EUROS Á INTERNACIONALIZACIÓN DO TEXTIL GALEGO NO MERCADO DE COLOMBIA

- ***O Goberno galego continúa a reforzar a presenza do téxtil galego no exterior mediante un convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Confederación de Industrias téxtiles de Galicia (COINTEGA)***
- ***Colombia perfírase, pola súa taxa de crecemento non últimos anos, como un país de importantes oportunidades para os empresarios galegos***
- ***As empresas con potencial de internacionalización seleccionadas ao abeiro do convenio poderán acceder a espazos específicos en establecementos dalgúns dos principais grupos de tendas téxtiles nese país***
- ***O apoio da Xunta ao sector ten permitido a mobilización de investimentos por máis de 33 millóns de euros ao longo da lexislatura***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, destinará un total de 378.000 euros ao financiamento dun plan de promoción do sector téxtil galego no mercado de Colombia, desenvolvido ao amparo dun acordo entre o Igape e Confederación de Industrias téxtiles de Galicia (COINTEGA). O plan pretende a introdución de novas marcas do téxtil galego en Colombia para dar apoio ao programa de internacionalización do sector. A Xunta avanza así no apoio estratéxico ao téxtil, que ten permitido a mobilización de investimentos por máis de 33 millóns de euros ao longo da lexislatura.

Cointega consensuou cos demais axentes sociais, e no marco do diálogo social de Galicia, as liñas mestras do plan estratéxico do sector, que serviu de base para a elaboración, coa Consellería de Economía e Industria, do Plan Téxtil Moda – Visión 2020, como plan estratéxico sectorial. Como consecuencia, Cointega detectou a existencia de importantes posibilidades para as empresas galegas en Colombia, tanto polas taxas de crecemento do país nos últimos anos como polas perspectivas futuras, así como polas análises de mercado realizadas pola propia Confederación ou pola plataforma empresarial da Xunta en Bogotá.

Mediante o convenio a subscribir entre a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, e Cointega, a Xunta de Galicia achegará un máximo de 378.000 euros para facilitar a introdución comercial de empresas do sector téxtil galego nese mercado mediante espazos específicos nos establecementos dalgúns dos principais grupos de tendas departamentais do país.

O plan contempla a selección previa das empresas galegas que poderán participar na campaña promocional, empresas que deberán contar cun diagnóstico que avale o seu potencial de internacionalización, realizado a través dos programas específicos do Igape ou do ICEX. O convenio que vén de autorizar o Consello da Xunta permitirá cubrir desde os gastos de consultaría e asistencia técnica para o desenvolvemento do plan, a

desenvolver en 2013, ata os gastos de decoración e aluguer dos espazos nos establecementos comerciais seleccionados, pasando polas correspondentes campañas de promoción.

A través do Igape, a Xunta está a promover a internacionalización mediante servizos gratuítos e a través das súas bases específicas de apoio, dotadas con 12,5 millóns de euros en 2012 e con programas como o Primex, que está a facilitar a implantación comercial no exterior mediante a cooperación; ou a través de acordos de colaboración como o subscrito coa CEG para impulsar a creación das plataformas empresariais no exterior (rede Pexga).

APROBADA DEFINITIVAMENTE A ESTRATEXIA GALEGA DE ACUICULTURA

- ***O documento foi ratificado hoxe polo Consello da Xunta tras superar os preceptivos períodos de exposición pública e alegacións as que foi sometido***
- ***A Estratexia Galega da Acuicultura rexerá a xestión da acuicultura ata o 2030 co obxectivo de relanzar esta actividade, xerando emprego e riqueza no noso territorio dunha forma sustentable***

O Goberno galego aprobou hoxe definitivamente a Estratexia Galega de Acuicultura (ESGA), que permitirá o relanzamento definitivo desta actividade no noso territorio. Esta ratificación prodúcese unha vez concluído os preceptivos períodos de exposición pública e alegacións. O documento, que foi elaborado en conxunto con técnicos e expertos coñecedores do sector acuícola galego, apenas recibiu alegacións desde a súa aprobación inicial, o pasado 2 de febreiro.

A ESGA consiste nunha planificación estratéxica onde se establecen unha serie de propostas de actuación de forma que a acuicultura xere emprego e riqueza de xeito equilibrado co respecto e a integración ambiental. Fíxose en consonancia cos obxectivos marcados pola Unión Europea nesta materia na súa proposta de reforma da política pesqueira Común. A Xunta pretende que todas as ferramentas básicas deste plan estratéxico plurianual para a actividade acuícola estean en funcionamento antes de 2014

Accións que se van desenvolver

A ESGA recolle diversas accións que se van desenvolver, que comprenden a modificación e complementación do marco normativo para acadar un elevado afianzamento da seguridade xurídica e que inclúen a aprobación da Lei galega de acuicultura, o Decreto de ordenación de parques de cultivo e a reforma da Lei de confrarías de pescadores de Galicia.

O documento recolle a aprobación do Plan director de acuicultura litoral, que establece as condicións para a implantación destas actividades con criterios de eficiencia, sustentabilidade e calidade ambiental e paisaxística. A Orde conxunta das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Medio Rural e do Mar, do 15 de marzo de 2012, xa deu o primeiro avance ao recoller estes requisitos para as zonas de menor protección.

No marco organizativo, para unha maior axilidade e coherencia na xestión, a estratexia preve a creación dun órgano centralizado de tramitación para axilizar e priorizar a tramitación de proxectos de instalacións de produción acuícola e a redefinición de funcións e competencias de agrupacións de mariscadores.

Ademais contempla o Comité Técnico de Acuicultura, creado a través da Orde do 20 de xullo co obxectivo fundamental de asesorar a Administración no deseño e aplicación de

medidas vinculadas a este sector. Tamén se porá en marcha o Observatorio Galego de Mercados de produtos acuícolas para abordar o estudo dos mercados nacionais e internacionais real ou potencialmente destinatarios dos nosos produtos.

En canto á planificación integral da actividade, comprende outras ferramentas como o Plan de ordenación dos cultivos en zona marítima para a súa ordenación integral, o Plan de ordenación dos cultivos en zona marítimo terrestre para que a actividade marisqueira evolucione nunha faceta máis da acuicultura mediante a realización de labores de cultivo e o Plan estratéxico do mexillón, de cara a orientar o conxunto empresarial mexilloeiro galego cara a un futuro de competitividade e estabilidade.

Investigación e formación

O documento recolle tamén un Plan estratéxico de I+D+i, orientado a conseguir avances nas liñas fundamentais de investigación e desenvolvemento marcadas en aspectos como xenética, nutrición, patoloxías, rastrexabilidade e seguridade alimentaria e automatización e deseño de instalacións, tanto na produción de moluscos como de peixes.

Por último, no ámbito formativo, a ESGA aposta por un programa amplo de formación desde diversos ámbitos a través de organismos como o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGafa) e as universidades de Galicia. Ademais, prevé a adecuación dos plans de estudo ás novas necesidades e tendencias do mercado laboral.

Así, esta estratexia ten como obxectivo fundamental o impulso á acuicultura para xerar emprego e riqueza de xeito equilibrado e sustentable ambientalmente e integrando a actividade acuícola como complemento da actividade pesqueira.

A XUNTA PAGOU CASE 1.500 MILLÓNS EN DOUS MESES E MEDIO PRIORIZANDO A AUTÓNOMOS, PEMES E ENTIDADES SOCIAIS

- ***O obxectivo foi axilizar estes pagamentos para chegarlles liquidez nun momento de grandes dificultades económicas cunha inxección adicional de 446 millóns***
- ***Aboou 87 millóns de euros a entidades sociais e completou todo o facturado***
- ***A Administración autonómica pagou todas as facturas inferiores a 150.000 euros ata o 18 de outubro***
- ***Galicia non precisou nin un só euro do Mecanismo Especial de Pagamento a Provedores e non acudirá ao Fondo de Liquidez Autonómico***

A Xunta de Galicia completou pagamentos por importe de 1.486 millóns de euros nos últimos dous meses e medio e volveu priorizar aos autónomos, ás pequenas e medianas empresas e ás entidades sociais co fin de chegar a este colectivos liquidez nun momento en que están a sufrir dificultades por mor da crise económica.

Así se recolle nun informe presentado ao Consello pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, no que se salienta que o Executivo autonómico formalizou durante este período 20.837 pagamentos desde agosto cun importe global que equivale ao 2,6% do PIB da comunidade autónoma.

Así, chegou 1.040 millóns de euros para atender gastos periódicos como nóminas; as universidades; o Risga; o Fondo de Cooperación Local; os centros docentes; os gastos de funcionamento dos centros e os libros de texto; os centros hospitalarios concertados; o pagamento da farmacia, o transporte escolar, a dependencia e discapacitados.

Ademais, realizou unha inxección adicional de 446 millóns de euros para priorizar pagamentos a entidades sociais, con 87 millóns de euros, para poder pagar xa todo o facturado; e todas as facturas menores de importes menores de 150.000 euros, un total de 8.847, contabilizadas ata o día 18 outubro, por 127 millóns de euros.

No documento salientase que a Comunidade galega se está financiar no mercado sen necesidade de acudir ao Fondo de Liquidez Autonómico, un mecanismo habilitado polo Goberno central para as autonomías que non logran financiarse con normalidade, situación que non está a sufrir Galicia.

De feito, Galicia leva executado xa o 72% do seu Programa anual de endebedamento, o que supón case 30 puntos máis que a media das comunidades autónomas. Nas últimas semanas esta comunidade autónoma foi capaz de pechar operacións polo 18% dos seu programa anual, ademais de manter neste momento negociacións avanzadas sobre outro 10%.

A XUNTA E O MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE INVESTIRÁN 10 MILLÓNS DE EUROS NO INCREMENTO DA COMPETITIVIDADE DOS CENTROS TECNOLÓXICOS DE REFERENCIA ANFACO E AIMEN

- ***A maior parte do investimento procederá de fondos FEDER, co obxectivo de aumentar a competitividade do Sistema galego de innovación***
- ***A construción do novo centro de tecnoloxías avanzadas de investigación para a industria mariña e alimentaria de ANFACO dotarase con 8,45 millóns de euros***
- ***O equipamento do que será o maior centro de aplicacións láser de España, promovido por AIMEN, percibirá 1,62 millóns de euros***

A Xunta de Galicia aprobou na reunión do Consello desta mañá o investimento de 10 millóns de euros nos centros tecnolóxicos ANFACO e AIMEN, entidades de referencia en I+D+i nos sectores da conserva e da metalurxia, respectivamente. A maior parte desta contía, cerca do 80%, procederá de fondos FEDER –xestionados polo Goberno central– destinados a aumentar a competitividade do Sistema galego de innovación.

Estes futuros investimentos, obxecto de senllos convenios co Goberno central que se atopan na súa última fase de tramitación, responden ao cumprimento por parte de ambos os dous centros dos criterios de eficiencia e excelencia establecidos pola Consellería de Economía e Industria no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento (i2C) como requisitos indispensables para percibir novas dotacións económicas.

O maior investimento correspóndelle á construción por parte de ANFACO dun novo centro de tecnoloxías avanzadas de investigación para a industria mariña e alimentaria e o seu equipamento. Con este fin destinaranse 8,45 millóns de euros, dos cales 6,7 proceden de fondos FEDER.

A aposta da Xunta pola iniciativa de ANFACO responde á necesidade de contar cunha infraestrutura punteira para poder abordar proxectos de innovación tecnolóxica que acheguen solucións ás crecentes demandas e necesidades da industria mariña e alimentaria en materia de I+D+i. O centro tecnolóxico situado en Vigo busca mellorar así as súas capacidades para facer fronte aos novos retos do mercado e que a industria galega deste sector, líder en España, non perda competitividade.

Para manter e mesmo mellorar o seu nivel de competitividade os centros están a centrarse co apoio da Administración pública, en ofrecer un maior valor engadido nos seus produtos mediante unha aposta pola diferenciación e a optimización da calidade que só é posible conseguir a través da I+D+i. O novo centro promovido por ANFACO pretende dar resposta a estas exixencias, logrando un maior desenvolvemento tecnolóxico enfocado sobre todo á produción de alimentos cunha relación cada vez máis sofisticada coa saúde e a aplicación de tecnoloxías emerxentes aos procesos de

fabricación (nanotecnoloxía, envases activos etc.) que posibiliten o lanzamento de produtos cunha maior e mellor vida no mercado.

A Xunta considera que o incremento da capacidade científico-tecnolóxica de ANFACO terá unha repercusión directa nos resultados económicos das empresas galegas da industria alimentaria e, en consecuencia, no desenvolvemento das zonas onde esta actividade é o motor da súa economía.

Equipamento do centro de aplicacións láser

O outro investimento aprobado hoxe polo Goberno galego ascende a 1,62 millóns de euros (1,29 procedentes dos FEDER) para o equipamento do que será o maior centro de aplicacións láser de España, promovido por AIMEN e que entrará en funcionamento a finais deste ano na localidade pontevedresa do Porriño. A construción desta nova infraestrutura foi xa obxecto dun investimento de 10 millóns de euros procedentes da Xunta de Galicia, do Goberno central e da UE.

Esta nova instalación permitiralle a AIMEN incrementar a súa capacidade tecnolóxica, xa moi ampla na actualidade cunha media de cen proxectos executados por ano, moitos deles de carácter internacional, coma os 16 europeos que desenvolve na actualidade.

A misión do centro de aplicacións láser será promover e executar proxectos relacionados co desenvolvemento da tecnoloxía láser no procesamento dos materiais tanto metálicos como non metálicos, tales como téxtiles, plásticos, caucho, cerámica, vidro, composites e novos materiais. O obxectivo destas tarefas será o impulso da innovación no ámbito das aplicacións láser para achegar solucións tecnolóxicas que melloren a competitividade de sectores industriais estratéxicos para a economía de Galicia, como a automoción, a construción, o naval, a fabricación de bens de equipo, o metal-mecánico, o aeronáutico, o petroquímico, o siderúrxico e o téxtil; e tamén de subsectores de especial relevancia na comunidade como son o da obtención e transformación do aluminio, o eólico ou o da transformación do plástico.

A soldadura por láser ten tales expectativas de crecemento que, segundo o Observatorio de Prospectiva Tecnolóxica e Industrial (OPTI), no ano 2014 polo menos o 50% dos procesos convencionais de soldadura de metais será por láser.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN INVESTIU ESTE ANO PRETO DE 800.000 EUROS NA MELLORA DOS EQUIPAMENTOS DESTINADOS Á PROGRAMACIÓN CULTURAL

- ***O departamento que dirixe Xesús Vázquez Abad presentou hoxe no Consello da Xunta o balance do programa de axudas destinadas á mellora dos equipamentos culturais de concellos, asociacións e fundacións de toda Galicia***
- ***Mediante esta liña de subvencións 257 entidades culturais dótanse de tecnoloxía audiovisual e informática, de equipamentos de son e iluminación e acondiciónanse locais e auditorios para continuar ofertando unha programación cultural de calidade***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentou hoxe no Consello da Xunta o balance de investimentos para a mellora dos equipamentos culturais de Galicia durante o ano 2012. Foron un total de 257 entidades, entre as que se inclúen concellos, asociacións, fundacións e entidades sen fin de lucro, as que resultaron este ano beneficiadas por este programa de axudas que contou cun orzamento total de 798.907 euros, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

Esta liña de subvencións permitiu dotar de equipamentos de calidade concellos, fundacións e asociacións de toda Galicia para o desenvolvemento de diversas actividades culturais. A través deste programa facilitouse a implantación de tecnoloxía audiovisual e informática, a incorporación de equipamentos de son e iluminación, o acondicionamento de locais e auditorios deteriorados, así como a supresión de barreiras arquitectónicas para favorecer o acceso sen discriminacións por mobilidade ás actividades culturais.

A diversificación de modalidades deste programa garantiu a adecuación do investimento da Xunta de Galicia á multitude de necesidades existentes nos espazos programadores de cultura do conxunto do territorio galego, cunha priorización coherente de criterios como base para unha intervención de calidade que repercuta tamén nunha mellor programación cultural.

O investimento realizado en 2012 para os fins descritos ascendeu a preto de 800.000 euros e as axudas foron tramitadas mediante dúas ordes de subvención difundidas a través do *Diario Oficial de Galicia*, que, en réxime de concorrencia competitiva, permitiron a solicitude universal das entidades interesadas e a garantía de igualdade de oportunidades no acceso ás axudas públicas.

Distribución cultural equilibrada

A Xunta de Galicia destinou no presente exercicio un total de 499.307 euros en axudas aos concellos para o equipamento e mellora das instalacións destinados á realización de actividades culturais. Esta partida financiou un total de 127 proxectos pertencentes a 124 municipios galegos. O conxunto das actuacións abordadas estiveron sempre orientadas ás necesidades locais específicas, e incluiron principalmente o acondicionamento de auditorios, equipamentos escénicos, equipamentos audiovisuais e informáticos e a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Doutra banda, a segunda liña de axudas contou cun orzamento total de 299.600 euros para o apoio económico a proxectos de mellora dos equipamentos de asociacións, fundacións e entidades sen fin de lucro con programación cultural estable. O obxectivo destas subvencións foi o de mellorar e equipar os locais daquelas entidades culturais que realizan unha programación cultural permanente.

Favorecer a dinamización cultural

A programación cultural abordada desde o ámbito local, tanto desde as institucións públicas como desde as entidades sociais, constitúe un referente en materia cultural para a cidadanía. A mellora das condicións técnicas dos espazos en que se desenvolve a actividade cultural é indispensable para poder contar cunha programación acorde aos intereses e necesidades actuais e favorecer, así, a maior participación da cidadanía na actividade cultural.

Co obxectivo de favorecer a dinamización cultural do país, cun criterio de calidade e sustentabilidade, a Consellería de Cultura e Educación promoveu, a través da Secretaría Xeral de Cultura, estas liñas de axudas a concellos, fundacións e asociacións de toda Galicia, que lles permitirá abrir a súas ofertas aos novos formatos artísticos, e facilitar, ao mesmo tempo, a adaptación tecnolóxica e o equilibrio territorial na distribución dunha actividade cultural de calidade.

O PLAN LÍA 2010/2015, DE CULTURA E EDUCACIÓN CONVERTEU GALICIA NUN REFERENTE NO USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO ESPAZO DE INFORMACIÓN, APRENDIZAXE, LECTURA E LECER

- ***Esta iniciativa integra as diferentes actuacións da Consellería a prol das bibliotecas escolares, para a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades investigadoras e de uso da información do alumnado***
- ***A Consellería formou xa a preto de 5.400 docentes ao abeiro deste plan, grazas ao que Galicia é hoxe referente estatal na posta en valor das bibliotecas escolares***
- ***O Plan LÍA, implantado pola actual administración, reforzou o programa Hora de ler, ao abeiro do cal celébranse concursos como o de lectura en voz alta, e desenvólvense os propios clubs de lectura***

As iniciativas desenvolvidas nas bibliotecas escolares convertéronse nunha referencia a nivel estatal no uso habitual destes espazos como espazo para a información, a aprendizaxe, a lectura e o lecer. De feito, espertan interese en todas as comunidades autónomas, que reclaman a presenza das técnicas responsables da asesoría en bibliotecas escolares, en foros relacionados con esta temática. Así mesmo, as bibliotecas galegas están a acadar uns excelentes resultados en certames como o concurso nacional de boas prácticas na xestión e dinamización de bibliotecas escolares, con 35 premios en total nos últimos anos.

Así se conclúe do informe sobre as actuacións no ámbito das bibliotecas escolares e o fomento da lectura 2009-2012, que foi analizado hoxe no Consello da Xunta, no que se repasan as diferentes iniciativas desenvolvidas nesta materia, que desde 2010 se integran no Plan LÍA 2010-2015 de bibliotecas escolares para a lectura, a información e a aprendizaxe, impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O Plan LÍA é, de feito, a estratexia desenvolvida polo departamento que dirixe Xesús Vázquez Abad, para dar resposta aos novos retos formulados no ensino respecto do fomento da lectura como ferramenta para mellorar os resultados académicos do alumnado; así como a necesidade de capacitar os estudantes na lectura dixital e no uso dos novos soportes tecnolóxicos, por unha banda, e nas técnicas de investigación, información e aprendizaxe vencelladas a todos os recursos que ofrecen as bibliotecas, por outra.

Así mesmo, este plan achega aos centros de ensino orzamentos para a renovación dos seus fondos, tanto nos equipamentos informáticos e audiovisuais como no mobiliario e fondos que constitúen o catálogo, para o que nesta lexislatura a consellería investiu máis de 7,2 millóns de euros.

Reforzo do PLAMBE

Para iso, o Plan LÍA desenvólvese sobre diferentes liñas estratéxicas, partindo do reforzo do Plan de mellora das bibliotecas escolares (PLAMBE), ao abeiro do que se convocan axudas específicas a centros que contan cun proxecto e cunha dinámica para o funcionamento e dinamización da biblioteca como centro de recursos para a lectura, a información e a aprendizaxe; se realizan actividades de formación para os seus responsables das mesmas; e se contribúe ao mantemento do programa informático da Rede de bibliotecas escolares, o Proxecto Meiga. Este curso 2012/2013 hai xa 504 bibliotecas integradas no PLAMBE, 280 máis das que había ao inicio da lexislatura, das que son beneficiarios directos arredor de 160.000 alumnas e alumnos.

Así, forman parte desta iniciativa o 57% dos CEIP de Galicia e o 62% dos IES. Este último dato é de gran importancia polo desafío que supón implicar o alumnado de secundaria nas actividades que se organizan arredor da biblioteca. Cómpre salientar, ademais, que o 60% dos centros públicos integrados (CPI) participan no plan, centros nos cales estuda, maioritariamente, alumnado de zonas rurais, e que contan cunha gran diversidade de etapas educativas e corpos docentes.

O crecemento do PLAMBE dá conta da implicación e o compromiso da comunidade educativa, fundamentalmente dos equipos de biblioteca, cos obxectivos do Plan LÍA; así como coa innovación educativa e o deseño de novos métodos de traballo nestes espazos, e coa superación do concepto de animación á lectura para pasar a integrar os recursos da biblioteca no currículo das diferentes materias.

A través do PLAMBE vehiculízase a maior parte do investimento para a renovación dos fondos da colección das bibliotecas (en soporte impreso, audiovisual ou informático), á mellora do equipamento audiovisual e informático e á renovación do mobiliario específico da biblioteca. Ademais disto, a consellería destina a centros non incluídos no plan achegas para a atención de todas as bibliotecas, tales como asignacións para fondos, distribución de mochilas viaxeiras, sinalizadores, recursos divulgativos, e outros materiais de apoio ao profesorado como as campañas de difusión do modelo de biblioteca.

Fomento da lectura

No caso dos institutos incluídos no PLAMBE cómpre salientar, ademais, o importante papel que xogan os clubs de lectura, grupos de dinamización da lectura que organizan diferentes actividades en horario non lectivo, tales como recitais, roteiros literarios, cineforum... dos que un 50% conta tamén cun blogue integrado no espazo *Ler en man común* (<http://lerenmancomun.blogspot.com>). Trátase dunha iniciativa en que Galicia foi pioneira no conxunto das comunidades autónomas, e que conta xa con 217 centros de secundaria implicados (o 61% do total dos IES e o 53% dos centros de ensino secundario), 77 máis que ao inicio da lexislatura.

Ademais, o Plan LÍA reforzou o programa *Hora de Ler*, de fomento da lectura e formación de lectores nos centros educativos, con novas iniciativas. Ao abeiro deste programa distribúense materiais de apoio ao profesorado e ao alumnado para a realización das actividades, celébranse concursos como o de lectura en voz alta, e desenvólvense os propios clubs de lectura. Os seus froitos, desde o punto de vista da mellora dos resultados académicos

Formación do profesorado

O profesorado é un dos piares fundamentais do éxito do Plan LÍA, por seren os responsables das estratexias de dinamización das bibliotecas, dedicando boa parte do seu tempo aos seu deseño e organización. Por iso a consellería desenvolve actividades de formación permanente para os docentes, en colaboración coa rede de centros de formación e recursos do profesorado. Dúas son as actividades específicas que se realizan ao ano relacionadas co programa, os Encontros do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e a Xornada dos Clubs de Lectura, así como as xornadas e encontros de Bibliotecas Escolares de Galicia, actividades anuais abertas a todo o profesorado galego.

No período 2009/2012 preto de 5.400 docentes recibiron formación específica, en contacto cos mellores expertos e coas experiencias de calidade, a través das devanditas actividades, así como do Congreso Bibliotecas Escolares en Tránsito, que tivo lugar en Galicia en 2011, en colaboración co ministerio do ramo, no cal participaron técnicos, asesores de formación, e profesorado responsable de bibliotecas escolares e especialistas procedentes de toda España.

Cómpre salientar, por outra parte, que estes encontros formativos supoñen unha oportunidade para dar visibilidade ás boas prácticas de cada biblioteca, contribuíndo ao intercambio de experiencias para a mellora do funcionamento destes espazos, o que constitúe outro dos obxectivos do Plan LÍA.

Unha estratexia con resultados

O esforzo realizado para impulsar as accións desenvolvidas ao abeiro do Plan LÍA xa está a dar resultados visibles, situando ás bibliotecas escolares como recurso educativo de primeira orde, motor de innovación e factor de compensación social ao servizo de toda a comunidade escolar, e apoio imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos e para a adquisición das competencias básicas do alumnado.

Ademais da renovación significativa das bibliotecas, fundamentalmente a través do PLAMBE, o plan acadou un dos seus principais obxectivos, a implicación do conxunto da comunidade educativa, moi significativamente no caso das familias e da súa participación nas actividades especialmente programadas para elas (mochilas viaxeiras, lecturas compartidas, "hora do conto", clubs de lectura...).

Os docentes, pola súa parte, deseñaron novas prácticas pedagóxicas e metodoloxías máis activas, acordes coas exigencias do século XXI. Así, á vista dos resultados de avaliación diagnóstica do ano 2011 e observando os datos dos centros incorporados ao Plan de mellora, aprécianse resultados que confirman a influencia positiva da existencia dunha biblioteca activa no centro, cando existe unha programación estable de actividades e un apoio constante ao profesorado na formación do alumnado como lectores, escritores e usuarios de información.

Así mesmo, cómpre salientar que as bibliotecas galegas acadaron uns excelentes resultados en certames como o Concurso Nacional de boas prácticas na xestión e dinamización de bibliotecas escolares (2003-2011), con 35 premios en total. Soamente no período 2009-2011 foron 22 as bibliotecas galardoadas nun certame que chegou a acadar gran prestixio no mundo educativo a nivel estatal.

Ademais, técnicos da Consellería de Cultura e Educación participan de forma activa na Comisión Técnica de Bibliotecas Escolares, órgano integrado no Consello de Cooperación Bibliotecaria, a nivel estatal. Neste contexto, houbo unha participación importante (coordinación) na elaboración do Marco de referencia para las bibliotecas escolares, presentado en Santiago de Compostela en novembro de 2011 (Congreso BET), documento que representa unha base de traballo para as comunidades educativas que pretenden actualizar a súa biblioteca escolar.

CULTURA E EDUCACIÓN INVISTE MÁIS DE 49,2 MILLÓNS DE EUROS NO PLAN I2C PARA SITUAR O MODELO GALEGO DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA COMO REFERENTE DE MODERNIDADE, COHERENCIA E PLANIFICACIÓN

- ***Mentres outras comunidades autónomas diminúen as convocatorias de financiamento nesta materia, Galicia mantén os compromisos do anterior Plan INCITE e crea novas liñas de formación e investigación***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a xestionar algo máis de 49,2 millóns de euros, investidos para o desenvolvemento das diferentes actuacións previstas nos tres eixes que o Plan galego de investigación, innovación e crecemento (I2C) recolle para a investigación universitaria: o de xestión do talento, o de consolidación de grupos de referencia e o de desenvolvemento dun sistema integral de apoio á investigación. Desta forma, e así o recolle o informe sobre esta materia analizado hoxe no Consello da Xunta, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad está a impulsar a transformación do modelo de investigación universitaria nun sistema moderno, coherente, planificado, definido e diferenciado. De feito, Galicia xa é este ano un referente no seu apoio á investigación, mentres outras comunidades están a diminuír os orzamentos destinados a esta actividade.

Cómpre sinalar que, ademais de desenvolver o novo modelo xurdido do Plan I2C, a Consellería de Cultura e Educación está a manter os compromisos de continuidade derivados do anterior Plan INCITE, que estarán vixentes ata 2015. Prevense, ademais, mecanismos de axuste de todos os investigadores afectados polas convocatorias do novo plan.

Todo nun marco de constante diálogo coas tres universidades do Sistema Galego de Universidades (SUG), co fin de acadar os mellores resultados dentro dos obxectivos previstos no I2C.

Novas liñas de actuación

Para completar a modernización da investigación no SUG, a consellería está a crear novas liñas de formación e investigación, orientadas a mellorar a internacionalización e a competitividade das universidades galegas. Ao mesmo tempo, dáse prioridade ás actividades que teñan un maior impacto na contorna socioeconómica de Galicia, como é o caso do Campus da Auga en Ourense.

Nesta mesma liña, o departamento educativo da Xunta de Galicia está a apoiar a USC, UVigo e UDC para presentarse a convocatorias europeas como Starting Grants ou Consolidar, ademais de apoiar un programa para mellorar as capacidades de xestión e emprendemento dos investigadores, favorecendo as transferencias de coñecemento e que xeren valor engadido no tecido económico e social.

Tamén se desenvolven as actuacións singulares en centros de investigación, mediante tres vías paralelas: os dous campus de excelencia Campus Vida e Campus Mar; melloras das infraestruturas científico-tecnolóxicas, e financiamento de centros de investigación únicos no sistema, como o Rof Codina en Lugo, o Cebeга en Santiago, e o edificio Asista na Coruña. Así mesmo, estase a impulsar a especialización dos campus universitarios como vía de competitividade futura tanto en docencia como en investigación. A primeira destas iniciativas é a do Campus da Auga en Ourense, e está previsto que se desenvolvan máis nos vindeiros meses en outros campus.

Xestión do talento

Por eixes, e no caso do de Xestión do talento, a consellería está a desenvolver actuacións de apoio á formación na traxectoria investigadora en dúas fase, a predoutoral e a posdoutoral. No 2011, primeiro ano de vida do Plan I2C, puxéronse en marcha as actuacións de apoio a etapa predoutoral, á que xa se incorporaron nestes dous anos 200 persoas, 25 máis ao ano que as ofertadas polo INCITE). Tamén se cumpriron por parte da Consellería os compromisos de estabilización de 16 investigadores procedentes dos programas Parga Pondal e do antigo Plan INCITE e dos Ramón y Cajal do Estado.

No 2012, ademais de dar continuidade ás actuacións predoutorais e de estabilización estase a por en marcha o apoio á fase posdoutoral 1, que cobre o período de mobilidade ao estranxeiro dos doutores novos con finalidade formativa así como o seu retorno, e para a que se convocan 75 axudas.

Consolidación de grupos de referencia

No marco do eixe de consolidación de grupos de referencia a consellería está a impulsar un novo modelo, a semellanza do do resto de Europa, fundamentado na potenciación do financiamento estrutural para grupos, a través de catro modalidades de axudas: a grupos de referencia competitiva, a grupos con potencial de crecemento a redes de investigación e a agrupacións estratéxicas. No 2012 concedéronse un total de 110 axudas a estas unidades de investigación

Como complemento a este modelo mantéñense as axudas para os proxectos liderados por investigadores emerxentes. No 2012 financiáronse 32 destes proxectos. Ademais, durante o ano 2011 e o 2012 xestionáronse 593 proxectos aínda activos do plan INCITE que foron transferidos desde a Consellería de Economía e con un orzamento total de 10 millóns de euros.

Sistema integral de apoio á investigación

Ademais das devanditas actuacións, o departamento educativo da Xunta de Galicia está a desenvolver un sistema integral de apoio á investigación. Neste sentido, estase a incentivar e premiar o éxito das universidades galegas en convocatorias do Programa marco da UE e do European Research Council. Neste contexto, este ano concedéronse axudas aos 6 investigadores do SUG participantes nas competitivas convocatorias de Starting Grants e Consolidar. Ademais, iniciouse a colaboración coas universidades, a

Fundación Barrié e a CRAC-VITAE (Reino Unido) para a posta en marcha dun programa de mellora das competencias profesionais dos investigadores de Galicia en áreas tales como comunicación, creatividade, ou traballo en grupo.

Por outra banda, a consellería está a apoiar as infraestruturas de investigación nos campus galegos, para o que se asinaron convenios coas tres universidades por un importe total de 3 millóns de euros. Deste xeito complétase o apoio que se está a prestar ás instalacións e equipamento do SUG, a través de achegas como a destinada ao Consorcio de Bibliotecas de Galicia (BUGALICIA), que se incrementou este ano nun 23%.

Así mesmo cómpre lembrar que as posibilidades abertas polo I2c xa se están a concretar en iniciativas de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos nos cales Galicia posúe contrastada potencialidade, como é o desenvolvemento do Campus de Excelencia Internacional, Campus Vida e Campus do Mar; e a posta en marcha do primeiro campus galego especializado non central, o Campus da Auga, en Ourense. O apoio a estes proxectos singulares quedou de manifesto a través da convocatoria, por primeira vez, dunha modalidade específica de contratos predoutorais para os Campus Vida e do Mar, e coa sinatura dun convenio coa UVigo para a elaboración do plan estratéxico para consolidar e dotar de personalidade científica o Campus de Ourense.

Un plan baseado na avaliación de resultados

O desenvolvemento do Plan I2C supón dotar a investigación universitaria en Galicia dunha estratexia definida, diferenciada e planificada, que é máis intensiva que o anterior INCITE (2005-2010). Neste sentido, o novo plan concentra os seus esforzos en actuación máis concretas, persegue acadar retornos dos investimentos realizados e aplica o seguimento e avaliación continuos.

Desta forma, convértese no complemento axeitado do Plan de financiamento do SUG para 2011-2015, que define un marco estable de financiamento, tanto para investigación como para a docencia, fundamentado sobre os criterios da avaliación de resultados e de transferencia de coñecemento á sociedade.

A CONSELLERÍA DE SANIDADE ELABOROU UN PLAN DE APOIO AO PROFESIONAL VÍTIMA DE VIOLENCIA EXTERNA

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade referido ao Plan de apoio ao profesional vítima de violencia externa, elaborado polo departamento que dirixe Rocío Mosquera Álvarez en resposta ao compromiso asumido neste eido para os anos 2011-2013 pola Administración sanitaria galega, posto que os profesionais son o seu principal activo e precisan dun ambiente de traballo seguro.

No informe recóllese que, na actualidade, o Servizo Galego de Saúde está en período de análise das alegacións recibidas, logo de que o plan fose remitido con tal motivo á Comisión Técnica do Observatorio de Violencia Sanitaria, ao Comité Central de Seguridade e Saúde e aos centros sanitarios.

Os obxectivos do Sergas con este plan son: dar un apoio integral (sanitario, xurídico, psicolóxico e institucional) ao profesional vítima dun incidente de violencia no contorno sanitario; acadar un tratamento homoxéneo destes episodios en todos os centros; e, ademais, axilizar e impulsar a tramitación xudicial que poida derivar dun incidente a través da coordinación coa Fiscalía de Galicia.

Ao longo desta lexislatura leváronse a cabo por parte do Sergas distintas accións neste campo e definíronse as liñas de actuación para os vindeiros anos. Así, cómpre destacar a instalación de sistemas de aviso en todos os centros de saúde, PAC, unidades de tratamento de condutas adictivas e o avance na súa implementación nas urxencias hospitalarias e unidades de saúde mental.

Ademais, creouse o Observatorio de violencia sanitaria e continúaase coa formación dos profesionais nesta materia. Xunto a todo o anteriormente sinalado, o Sergas está a colaborar con outras institucións como a Universidade de Santiago, a Delegación do Goberno ou a Fiscalía Superior da nosa Comunidade, posto que a violencia no contorno sanitario é un problema de todos.

Así mesmo, definíronse indicadores específicos, informes de seguimento e elaborouse un procedemento para o rexistro e comunicación de violencia no Sergas.

O Plan de apoio ao profesional consta de cinco documentos. O procedemento de apoio ao traballador vítima dun incidente violento; o procedemento de comunicación e rexistro dos episodios, a guía de elaboración de plans específicos dos centros, co fin de homoxeneizar o tratamento destes episodios; a guía de información xeral e orientación xurídica, e o convenio entre a Fiscalía e o Sergas, co propósito de establecer unha colaboración máis directa e áxil entre as dúas institucións da que derive unha maior protección para o profesional.

Cómpre sinalar, por último, que no Sergas os episodios de agresión a profesionais sanitarios reducíronse nun 31% no primeiro semestre de 2012 en relación co mesmo período do ano anterior. Tamén diminuíu a gravidade dos incidentes, xa que as lesións que requiriron baixa médica baixaron dun 6% a un 4%.

O SERGAS AFORRARÁ 2,4 MILLÓNS DE EUROS AO FACER DE MANEIRA UNIFICADA PARA TODOS OS CENTROS DO SERGAS A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASES MEDICINAIS

O Servizo Galego de Saúde vai aforrar 2,4 millóns de euros nos dous próximos anos na contratación da subministración de gases medicinais para todos os centros dependentes da rede sanitaria pública galega, ao facelo adoptando a modalidade de contratación corporativa, coa conseguinte consecución de condicións económicas e de calidade máis favorables.

Así mesmo, incorpóranse a este procedemento a contratación do servizo de mantemento das centrais de gases e doutras instalacións específicas tanto nos centros hospitalarios como nos de atención primaria.

A duración da subministración sucesiva establécese en 24 meses, por importe total de 9,3 millóns de euros, o que supón unha redución dun 20,8% sobre o custe actual. Catro foron as empresas adxudicatarias: Air liquide, Carbueros, Prxair e Gasmedi, todas elas de recoñecida solvencia técnica.

A contratación da subministración sucesiva de gases medicinais ten por obxecto dotar aos centros sanitarios dependentes do Sergas das instalacións e medios necesarios para garantir a continuidade na provisión de gases licuados e embotellados.

Os gases medicinais empréganse para facilitar a función respiratoria ou como elementos de apoio para establecer diagnósticos, anestésiar, esterilizar material cirúrxico, para técnicas de endoscopia ou laparoscopia, para o funcionamento da resonancia magnética, en cirurxía oftalmolóxica, en criocirurxía, para a conservación de mostras biolóxicas, calibrado dos equipos de medida en laboratorios, etc, sendo esencial para o normal funcionamento dos centros.

GALICIA REDUCIU A MENOS DA METADE O NÚMERO DE HECTÁREAS QUE ARDERON NOS MONTES GALEGOS NESTA LEXISLATURA

- ***Un informe de Medio Rural e Mar confirma que se mellorou de xeito significativo a eficacia na loita contra esta lacra na última lexislatura na que se pasou a preto de 77.000 hectáreas fronte ás 161.000 da anterior***
- ***A superficie arborizada reduciuse nun 75% e o número de lumes baixou un 20%***

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre os lumes forestais en Galicia nos últimos 8 anos. Os principais datos deste estudo confirman a mellora nesta lexislatura na eficacia e loita contra a lacra dos incendios na nosa Comunidade. Así, entre o cuatrienio 2005-2009 e o 2009-2012 a superficie total afectada reduciuse á metade, pasando de algo máis de 161.000 hectáreas a preto de 77.000. Desta, a que corresponde a terreo arborizado rebaixouse por riba do 75% e o número total de lumes reduciuse en máis dun 20%.

No relativo ás *ratios* de superficie media queimada por lume, que miden en termos técnicos a eficacia na loita contra os incendios, todos os indicadores sinalan tamén unha progresiva redución. Deste xeito, pasouse de 7,8 hectáreas de media por lume a menos de 5 e, no caso concreto do terreo arborado, reduciuse a media de 3,7 a 1,1 hectáreas.

Esta redución xeral dos parámetros do lume forestal en Galicia é máis significativa aínda se consideramos por separado os resultados da campaña de máximo risco (do 1 de xullo ao 30 de setembro). Así, a superficie total queimada reduciuse nun 82%, a arborizada por riba do 91% e o número total de lumes caeu nun 34%. Nas *ratios* de eficacia a rebaixa é tamén significativa na tempada de alto risco, xa que se pasou de 11,2 hectáreas totais por lume (6,06 arboradas) a 3,03 (e tan só 0,79 arboradas), o que supón unha redución de case o 73% no primeiro caso e de preto do 87% no segundo.

Actividade incendiaria

Na análise do acontecido nos últimos 8 anos –fóra da campaña de máximo risco– cómpre destacar o extraordinario pico de actividade incendiaria rexistrada hai agora un ano, en outubro de 2011. Naquel mes houbo un total de 1.902 lumes en Galicia e víronse afectadas case 30 mil hectáreas (das cales preto de 5 mil eran de arborizado). Isto supuxo, en termos relativos, case o 30% de todos os lumes rexistrados no conxunto do ano, preto do 70% da superficie queimada total e máis da metade do global da superficie arborizada que se viu afectada en 2011.

Outro dato que incorpora este estudo da Consellería do Medio Rural e do Mar, e que permite tamén analizar a evolución da eficacia na loita contra o lume, é o relativo aos denominados grandes incendios forestais (aqueles que superan as 500 ha). Así, no período 2005-2009 rexistráronse en Galicia un total de 57, mentres que nos catro anos seguintes foron 17 (dentro da campaña de alto risco pasouse de 54 a 4 en total).